

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 40** *ORDE APA/4139/2005, do 23 de decembro, pola que se modifica o anexo V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.* («BOE» 2, do 3-1-2006.)

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, e as modificacións posteriores, a última das cales foi a Directiva 2005/16/CE, da Comisión do 2 de marzo de 2005, pola que se modifican os anexos I a V da Directiva 2000/29/CE do Consello.

Con posterioridade foi modificada pola Directiva 2005/77/CE da Comisión, do 11 de novembro de 2005, pola que se modifica o anexo V da Directiva 2000/29/CE, do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

De conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado deal decreto, mediante a presente orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2005/77/CE. Por razóns de seguranza xurídica substitúese completo o punto 2.4. da sección I da parte A do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo V do Real decreto 58/2005.*

O punto 2.4 da sección I da parte A do anexo V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así

como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, substituirase polo texto seguinte:

«Sementes e bulbos de *Allium ascalonicum* L., *Allium cepa* L. e *Allium schoenoprasum* L., destinados á plantación, e vexetais de *Allium porrum* L., destinados á plantación,

Sementes de *Medicago sativa* L.,
Sementes de *Helianthus annuus* L., *Licopersicon lycopersicum* (L.) Karsten ex Farw. e *Phaseolus* L.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de maio de 2006.

Madrid, 23 de decembro de 2005.

ESPINOSA MANGANA

- 415** *REAL DECRETO 1557/2005, do 23 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura.* («BOE» 10, do 12-1-2006.)

Mediante o Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, quedou establecida a normativa zootécnica relativa a estas organizacións e aos requisitos que deben reunir para o seu recoñecemento.

No artigo 3 do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, realízase a atribución de competencias entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas, para o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de cans de razas puras. Da aplicación práctica desta norma derivou que non é necesario reservar unha competencia para o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dado que non existen intereses contrapostos entre comunidades autónomas, polo que resulta conveniente levar a cabo a modificación do artigo.

Isto fai preciso tamén modificar o contido do citado real decreto e regular o necesario fornecemento de información entre as organizacións e asociacións e as comunidades autónomas, e destas cara ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o que implica a substitución do artigo 6 e a inclusión dun novo artigo 9.

Igualmente resulta procedente incluír un novo artigo 8 relativo á regulación do prototipo racial, tanto para as razas caninas españolas como para as restantes razas, en relación coas solicitudes das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura.

O Real decreto 558/2001, do 25 de maio, incorpora nun anexo a lista de razas caninas españolas cos seus prototipos raciais e faculta o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar as medidas precisas para a

súa modificación ou a inclusión de novas razas caninas, despois de informe do Comité de Razas de Gando de España, establecido polo Real decreto 1682/1987, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España.

Neste real decreto substitúese o mencionado anexo por un novo que incorpora razas que foron propostas e admitidas como razas caninas en distintas reunións do citado comité celebradas con posterioridade á publicación do Real decreto 558/2001, do 25 de maio. O prototipo racial e a estrutura e división do libro xenealóxico serán, no caso de razas caninas españolas, os regulados polo órgano competente da comunidade autónoma correspondente.

O novo anexo non inclúe xunto coa lista de razas caninas a súa definición do prototipo racial pois que os prototipos raciais pasan a ser regulados pola comunidade autónoma competente en cada caso.

Esta disposición dítase ao abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e despois de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 2005,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura.*

O Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura queda modificado como segue:

Un. Substitúese o artigo 3 polo seguinte:

«Artigo 3. *Competencia e efectos do recoñecemento.*

1. O recoñecemento oficial das organizacións e asociacións de criadores de cans de raza pura, para os efectos da conservación ou creación de libros ou rexistros xenealóxicos de cada raza, corresponde á comunidade autónoma na cal radique a sede social da entidade solicitante.

Non obstante, tratándose de razas caninas españolas, o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións que conserven ou creen libros ou rexistros xenealóxicos corresponderá ao órgano competente da comunidade autónoma na cal radique a orixe da raza, para o cal se terán en conta os aspectos técnicos, socioculturais e históricos que se presenten documentalmente para efectuar o recoñecemento.

No caso de que esta orixe sexa compartida por varias comunidades autónomas, este recoñecemento corresponderá a aquela que reúna un maior número de exemplares censados e preferentemente inscritos nun rexistro e cualificados.

2. O recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións previsto no número anterior será efectuado pola autoridade competente, por solicitude daquelas, especificándose a raza ou razas para as cales se solicita, e despois de acreditar o cumprimento

dos requisitos contidos no artigo 4 deste real decreto.

3. O recoñecemento oficial poderáselles denegar a aquelas organizacións ou asociacións que puxeren en perigo a conservación da raza ou comprometeren o programa zootécnico doutra organización ou asociación existente.

4. A autoridade competente realizará controis periódicos para comprobar que nas asociacións ou organizacións recoñecidas se mantén o cumprimento dos requisitos establecidos, para o cal poderá designar inspectores de raza. Poderase declarar extinguido este recoñecemento se, como consecuencia das inspeccións ou controis realizados, se comprobar o incumprimento dalgún dos requisitos correspondentes.»

Dous. Substitúese o artigo 6 polo seguinte:

«Artigo 6. *Rexistro xeral.*

No Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación constituirase un Rexistro xeral de organizacións ou asociacións de criadores de cans de razas puras, no cal se incluírán todas aquelas que obtiveron o recoñecemento oficial de acordo co regulado neste real decreto e realizaranse as anotacións que as afecten, incluída, se é o caso, a súa extinción.

Cunha periodicidade, polo menos, semestral, as comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as resolucións de concesión e extinción do recoñecemento das organizacións e asociacións, para practicar as correspondentes anotacións e modificacións.

O Rexistro xeral de organizacións ou asociacións de criadores de cans de razas puras terá carácter público e informativo, e queda ao dispor de todas as autoridades competentes na materia.»

Tres. Engádesse un novo artigo co seguinte contido:

«Artigo 8. *Prototipo racial.*

Tratándose de razas caninas españolas, a organización ou asociación solicitante deberase axustar ao prototipo racial, único para todo o territorio nacional, e á estrutura e división do libro xenealóxico regulados, tanto aquel coma este, pola comunidade autónoma competente en cada caso, segundo se establece no artigo 3.

Tratándose doutras razas, o prototipo racial será o que corresponda de acordo cos criterios internacionais na materia.»

Catro. Engádesse un novo artigo co seguinte texto:

«Artigo 9. *Deber de información.*

As organizacións ou asociacións de criadores de cans de razas puras que leven ou creen libros ou rexistros xenealóxicos deberán facilitar a información que se recolle neles cando lles sexa solicitada polas comunidades autónomas.»

Cinco. Suprímese a disposición adicional primeira.
Seis. Substitúese o anexo do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, relativo a «razas caninas españolas», polo que acompaña este real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Organizacións e asociacións xa recoñecidas.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación remitirá á comunidade autónoma competente en cada caso, no prazo máximo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto, os expedientes do procede-

mento de recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións recoñecidas polo departamento.

As comunidades autónomas serán competentes para todas as actuacións previstas no Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, a partir da recepción da indicada documentación, salvo no referente aos recursos interpostos en relación co recoñecemento delas.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos administrativos en tramitación.*

Os procedementos de recoñecemento oficial de asociacións e organizacións de criadores de cans de razas puras, en tramitación no momento da entrada en vigor deste real decreto, serán resoltos de acordo coa normativa en vigor no momento do seu inicio.

Disposición transitoria terceira. *Prototipos raciais das razas caninas españolas.*

Mentres non sexan regulados pola comunidade autónoma competente en cada caso os prototipos raciais das razas caninas españolas, manterán a súa vixencia os contidos no anexo do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, na súa redacción anterior á entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia estatal sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica a que se refire o artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

«ANEXO

Razas caninas españolas

As razas caninas españolas son as que figuran a seguir:

Alano Español.
Ca de Bestiar (Can de Pastor Mallorquino).
Ca de Bou (Can de Presa Mallorquino).
Ca Eivissenc (Podengo Ibicenco).
Ca Mè Mallorquí.
Ca Rater Mallorquí (Rateiro Mallorquino).
Can de Palleiro.
Can Guicho.
Euskal Artzain Txakurra variedade lletsua.
Euskal Artzain Txakurra variedade Gorbeiakoa.
Galgo Español.
Gos d'Atura Catalá (Can de Pastor Catalán).
Gos Rater Valencià (Rateiro Valenciano).
Mastín del Pirineo.
Mastín Español.
Pastor Garafiano.
Perdigueiro Galego.
Perdigueiro de Burgos.

Perro de Agua Español (Can de Auga Español).
Perro Majorero.
Presa Canario.
Podenco Andaluz.
Podenco Canario.
Podengo Galego.
Ratonero-Bodeguero Andaluz.
Sabueso Español.
Villano de las Encartaciones.»

416

ORDE APA/1/2006, do 10 de xaneiro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. («BOE»10, do 12-1-2006.)

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída na lista do Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal. A súa propagación supón un risco para o gando e podería ter consecuencias moi desfavorables para os intercambios comerciais a nivel internacional. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

O 13 de outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1.b do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul en territorio peninsular. As medidas de protección a nivel comunitario foron adoptadas mediante decisións da comisión, sendo a última a Decisión 2005/393/CE, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas. Tras un silencio epizootiolóxico, a enfermidade reemerxeu na península e cesou a circulación viral en decembro de 2005.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, mediante a Orde APA/3411/2004, do 22 de outubro, establecéronse medidas específicas de carácter urxente respecto da lingua azul, ante a súa aparición no territorio peninsular español. Estas medidas foron posteriormente modificadas á vista da evolución da enfermidade e seguindo o criterio do grupo de expertos previsto no Plan de Intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, mediante sucesivas ordes ministeriais, sendo a última a Orde APA/3335/2005, do 26 de outubro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. Os axustes legislativos foron necesarios para xestionar o risco en función da situación epidemiolóxica no tempo e das peculiaridades de cada sector específico.

Unha vez efectuada a análise dos datos históricos e recentes, tanto climatolóxicos como entomolóxicos, o grupo de expertos previsto no Plan de Intervención a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, considera que non existe risco de presenza de vector durante os meses invernales nunha determinada zona do territorio español (zona estacionalmente libre) e por tanto, non existe risco de circulación viral na dita zona.

A este respecto, a Decisión da Comisión 2005/393/CE, do 23 de maio de 2005, sobre as zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas, recolle no seu artigo 3.3 o movemento de animais sensibles tras un período de tempo despois do cesamento da actividade do vector.